# A limpeza do CHUAC, disposta a convocar folga se as empresas seguen a incumprir os convenios

O persoal dos servizos de limpeza dos centros adscritos ao Complexo Hospitalario Universitario da Coruña (CHUAC) continúa co calendario de mobilizacións para esixir ás empresas concesionarias o cumprimento estrito dos convenios colectivos.
11/12/09.
Traballadores concentráronse, o 11 de decembro, diante da Xerencia para lembrar á dirección do CHUAC que é a responsábel última de facer cumprir ás empresas as condicións pactadas. O persoal advertiu que non descarta convocar folga en todo o complexo se prosegue a situación actual.

As concesionarias están incumprindo os convenios de xeito sistemático e atentan contra os dereitos do persoal. Tanto é así que Valoriza sancionou unha traballadora que tiña solicitado un permiso retribuído coa suspensión de emprego e soldo durante dous meses, mentres que Linorsa lle denegou a dous empregados os días de permiso, contemplados no convenio, en caso de enfermidade grave dun familiar.
**Novas relacionadas:** O persoal de limpeza do CHUAC mobilízase para esixir ás concesionarias o cumprimento dos convenios [1]
CIG-Servizos apoia as protestas en defensa dos acordos retributivos no SERGAS [2]
Contratas da limpeza do SERGAS incumpren o acordo de equiparación salarial [3]

**Ligazóns:**
[1] http://www.cigservizos.org/nova/2009.12.01/o-persoal-de-limpeza-do-chuac-mobilizase-para-esixir-concesionarias-o-cumprimento-do
[2] http://www.cigservizos.org/nova/2009.10.28/cig-servizos-apoia-protestas-en-defensa-dos-acordos-retributivos-no-sergas
[3] http://www.cigservizos.org/nova/2009.07.24/contratas-da-limpeza-do-sergas-incumpren-o-acordo-de-equiparacion-salarial